

Oenanthe oenanthe (Linnaeus, 1758)

	pedreiro cinzento
	collalba gris
	buztanzuri arrunta
	còlit gris
	northern wheatear
	chasco-cinzento



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 24 g

Longitude 14-16 cm

Envergadura 26-32 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Turdidae	<i>Oenanthe</i>

ALIMENTACIÓN

Insectos, arañas, caracoles e outros invertebrados, complementado con froitos e sementes.

COMPORTAMENTO

Este ave constrúe o seu niño en buratos entre pedras, edificios ou incluso tobos de coellos; para iso utiliza herba e musgo tapizados con plumas e pelo.

REPRODUCCIÓN

Celo de abril a xullo, con ata dúas postas anuais de 2 a 9 ovos que a femia incuba durante 10-16 días. Os polos serán coidados por ambos proxenitores ata despois dun mes de nacer, pese a poderen voar a partir dos 15 días

HÁBITAT

Medios abertos: dunas, pastos, cultivos, matogueira baixa, rochedos, estepa, alta montaña

DISTRIBUCIÓN

Amplamente repartida por Europa, norte e centro de Asia, Grenlandia e as zonas árticas de América do Norte, norte de África e Península Arábiga, como especie reprodutora. Inverna en África subsahariana, dende Senegal ata Kenia.

CURIOSIDADES

O cortexo nupcial desta especie é curioso: o macho escava un burato somero fronte á femia, comezando a brincar no aire coa plumaxe oca e saltando do burato a un borde e do borde ao outro a un ritmo rápido, para rematar por tombarse fronte á súa parella coas ás e colas caídas e a cabeza estirada no chan.

No noso territorio aparece a forma *O. oenanthe "libanotica"*, e durante a migración tamén aparece a forma "leucorrhoa".